



RESOLUCIÓN REITORAL DO 6 DE MAIO DE 2020 SOBRE MEDIDAS E LIÑAS DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS FRONTE AO COVID-19 E A REINCORPORACIÓN PRESENCIAL DO PERSOAL.

1. INTRODUCCIÓN

A Universidade da Coruña (UDC), desde o comezo da situación sanitaria creada polo COVID-19 que xerou a adopción de medidas de contención extraordinarias que levaron consigo un importante e inevitable impacto na súa actividade, está en análise permanente da situación co obxectivo de garantir que a súa actividade se desenvolva coa maior normalidade e que posteriormente se renove coa mesma normalidade unha vez que a alerta sanitaria sexa superada.

En cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e do procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus publicado o 8 de abril de 2020 polo Ministerio de Sanidade, a volta ao traballo presencial deberá contar cun Plan de medidas preventivas adaptado ás particularidades de cada centro de traballo coa finalidade de prever e dar resposta á posible aparición de casos de COVID-19.

Como medidas preventivas para evitar posibles aparicións de COVID-19 e garantir a continuidade da actividade, a UDC poderá adoptar simultaneamente, medidas de tipo organizativo, hixiénicas e técnicas entre o persoal, de ser necesario, e en todo momento adaptándose ás directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade.

Tendo en conta os mecanismos de transmisión de COVID-19 e as actividades desenvolvidas na UDC, podemos establecer un escenario de baixa probabilidade de exposición para os postos de traballo sen atención directa ao público, con separación de máis de 2 metros de distancia ou con medidas de protección colectiva que eviten o contacto (segundo indica a Táboa 1. Escenarios de risco de exposición ao coronavirus na contorna laboral publicada polo Ministerio de Sanidade o 30 de marzo de 2020).

A presente resolución dítase na liña da Instrución da Secretaría Xeral da Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, do 22 de abril de 2020, sobre medidas e liñas de actuación en materia de prevención de riscos laborais fronte ao COVID-19 cara á reincorporación presencial do persoal.

Ademais, débense ter en conta os criterios de recuperación da actividade establecidos no apartado VI e as distintas Fases das Medidas Escalonadas detalladas no apartado VII do “Plan para la transición hacia una nueva normalidad” aprobado polo Ministerio de Sanidade o 25 de abril de 2020.

A consolidación das medidas contidas nese plan, ou a adopción doutras neste senso, nunha normativa que sexa de aplicación xeral, determinarán a cronoloxía da aplicación das previsións contidas na presente resolución.

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		



Realizouse o proceso de consulta e negociación coa Xunta de Persoal de Administración e Servizos da UDC, de acordo co previsto no capítulo IV do título III do Estatuto básico do empregado público (Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro).

2. OBXECTO

Establecer as medidas preventivas para garantir a seguridade e a saúde das persoas que van traballar de forma presencial nos espazos da UDC.

Para garantir a seguridade do persoal da UDC, protexer a súa saúde e evitar os contaxios, é necesario e fundamental prever un escenario de reincorporación do persoal da UDC aos seus postos de traballo de xeito presencial.

3. PERSOAS ESPECIALMENTE SENSIBLES

Dentro da contorna de excepcionalidade derivada do risco que crea o coronavirus causante da COVID-19 e ao obxecto de protexer a saúde pública, o Ministerio de Sanidade define e actualiza as persoas que sexan consideradas como persoal vulnerable.

Conforme estes criterios do Ministerio de Sanidade, deberemos considerar a este persoal como persoal sensible (art. 25 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais) e, se procede, tomaranse accións para evitar a exposición, eliminar o risco ou limitándoo suficientemente, mediante a utilización de medios de protección colectiva ou a adoptando medidas de organización do traballo.

4. MEDIDAS PREVENTIVAS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

No Boletín Oficial do Estado núm. 115, do día 25 de abril de 2020, publicouse o Real decreto 492/2020, do 24 de abril, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O seu artigo 2 establece que se prorroga o estado de alarma ata as 0.00 horas do día 10 de maio de 2020.

Coa finalidade de dispor, como xa se sinalou no apartado 2 desta resolución, dunha previsión de reincorporación do persoal da UDC aos seus postos de traballo de xeito presencial, no caso de que se module ou modifique o estado de alarma establecido no xa referido Real decreto 463/2020, no marco das restricións sociais e laborais xeradas polo COVID-19, e seguindo as directrices do Ministerio de Sanidade, do

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		





Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, da Xunta de Galicia e do SERGAS; a UDC establece as presentes medidas organizativas e de carácter colectivo e individual para a protección dos seus traballadores e traballadoras.

É importante indicar que as medidas de prevención, adaptación e protección definidas neste documento poden permitir condicións de traballo adecuadas, mais non evitan o risco inherente á condición da saúde do traballador e da traballadora.

As medidas que figuran a seguir, complementáanse coas que figuran no documento elaborado e publicado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC, denominado "[Boas prácticas nos centros de traballo para a prevención de contaxios do COVID-19](#)".

4.1. Medidas organizativas

✓ Reincorporación progresiva.

A reincorporación do persoal ao traballo presencial, cando así sexa posible en función da normativa do Goberno, producirase de xeito gradual e progresivo.

Para iso terase en conta as necesidades do servizo e existencia de persoas especialmente sensibles (apartado 3 desta resolución).

✓ Teletraballo.

Se as tarefas e funcións do posto o permiten o traballo realizarase en formato non presencial. Así pois, mantense o disposto no apartado B da Resolución Reitoral do 14 de marzo de 2020. Ademais, as direccións, xefaturas de servizo, ou persoas responsables das distintas unidades poderán organizar, se así for necesario, quendas de traballo presencial ou non presencial.

✓ Persoal sensible

Adoptaranse as medidas precisas para adaptar o posto de traballo do persoal especialmente sensible, previa avaliación polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC.

✓ Reunións

Todas as reunións, de ser posible, realizaranse mediante sistemas de videoconferencia como TEAMS. No caso de non ser posible, deberase garantir unha distancia de seguridade mínima de 2 metros entre persoas (limitando o aforo a 12,56 m² por persoa). De non ser posible manter os 2 metros de separación entre as persoas, utilizaranse

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		





biombos de separación, ou se non é posible equipos de protección persoais tales como máscaras hixiénicas tipo cirúrxica.

✓ Entrada e saída dos edificios

Para a entrada e saída dos edificios deberase habilitar unha das portas exclusivamente como de entrada e a outra como de saída, debendo estar esta situación oportunamente sinalizada.

Naqueles edificios que contén con só unha porta de entrada e saída, esta deberá permanecer aberta constantemente no caso de non contar con apertura automática e deberase manter a distancia de seguridade mínima de 2 metros entre as persoas que entran e as que saen. Co fin de evitar coincidir na porta terá prioridade de uso a persoa que sae do edificio.

No caso de emerxencia utilizaranse para a evacuación as saídas establecidas para iso.

✓ Espazos de traballo

Limitarase a capacidade máxima dos espazos de traballo, minimizando o contacto entre as persoas e garantindo unha distancia de seguridade mínima de 2 metros ao redor de cada traballador/a.

Nos locais utilizados por varios/as traballadores/as ao mesmo tempo onde non se poda garantir a distancia de seguridade de 2 metros entre o persoal estableceranse quendas e rotacións horarias, ou instalaranse elementos de protección.

Nos postos ocupados por persoal en distintas quendas recoméndase deixar media hora de separación entre a saída dunha quenda e o acceso da seguinte.

Cando sexa necesario se modificará a disposición dos postos de traballo, a organización da circulación de persoas en espazos comúns (favorecendo a marcha cara a adiante e evitando na medida do posible os cruces), e a distribución de espazos (mobiliario, andeis, corredores etc.), co obxecto de garantir o mantemento da distancia de seguridade mínima de 2 metros.

✓ Espazos de traballo con atención ao público

Os postos de atención directa ao público mediante mostrador contarán cun sistema de separación por ventá que deberá manterse pechado e so se abrirá para a recollida e entrega de documentación ou

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		





materiais sempre que se garanta unha distancia de seguridade mínima de 2 metros.

Nos postos con mostrador que non contén con ventá de separación establecerase o sistema necesario para garantir distancia de seguridade mínima de 2 metros, ben mediante a sinalización do pavimento ou ben pola instalación doutros medios físicos na zona exterior do mostrador.

Nas mesas do persoal con atención directa ao público instalaranse biombos de metacrilato ou similares de protección cando non sexa posible manter a distancia de seguridade mínima de 2 metros.

4.2. Medidas colectivas

✓ Ventilación

Incremento da ventilación natural e mecánica dos espazos de traballo, programando varias veces a apertura diaria das xanelas e aumentando o volume de renovación de aire nas instalacións de aire primario daqueles edificios nos que resulte tecnicamente posible, así como un aumento na periodicidade da limpeza de filtros.

✓ Hixiene e limpeza

Incremento da limpeza dos centros en relación coa práctica habitual, programando a desinfección periódica de espazos, equipos, mesas e vehículos de traballo.

Intensificación da hixiene das superficies de contacto frecuente (aseos, pomos de portas, varandas, botóns de ascensores, interruptores de luz etc.), asegurando a súa limpeza varias veces ao día.

Verificación periódica ao longo do día da dispoñibilidade dos recursos necesarios para a hixiene persoal (xabón e papel para o secado das mans).

Instalación nas zonas de entrada e saída dos edificios e espazos comúns, de colectores ou papeleiras para o depósito de panos desbotables.

✓ Ascensores

Non se recomenda o seu uso, so en caso necesario.

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		



No caso de ter que usar un ascensor o uso será individual, por traxecto, con prioridade absoluta a persoas con mobilidade reducida. (Deberase colocar un cartel indicativo en todos os ascensores da UDC).

✓ **Zonas comúns**

En zonas comúns, como aseos, almacéns, arquivos etc., que sexan de dimensións reducidas, deberá realizarse un uso individual de dito espazo, debendo esperarse, en caso de estar ocupado, para acceder ao seu interior a unha distancia de seguridade mínima de 2 metros da porta.

✓ **Vías de circulación**

Nas vías de circulación, como corredores, sempre que o ancho o permita, circularase xunto á parede da nosa dereita, deixando o noso lado esquerdo, para o sentido contrario de circulación. No mesmo sentido, non deberá circularse en paralelo, senón en ringleira deixando unha distancia de seguridade mínima de 2 metros.

Se as dimensións da vía non permiten adoptar a medida anterior, establecerase un sentido único para cada vía de circulación sempre que exista unha vía para percorrer o mesmo itinerario en sentido contrario, debendo colocarse un cartel que indique cal é a entrada e cal a saída de acceso á vía.

Se as anteriores dúas medidas non son posibles, estableceranse pasos alternativos para o uso da vía para evitar o cruzamento de persoas, isto é, non poderá incorporarse unha persoa a unha vía mentres outra persoa a estea utilizando.

Procuraranse manter, durante o horario laboral presencial, as portas abertas en todos aqueles espazos, nos que dita medida non afecte á seguridade do inmovible da UDC, coa finalidade de rebaixar ao mínimo a manipulación de manivelas, pomos etc., a condición de que non se xeren situacións de desconforto por correntes de aire, rúidos etc.

✓ **Outras instalacións de interese**

Todas as fontes interiores para o consumo de auga polo persoal dos centros deberán bloquearse para que non poidan ser utilizadas.

Mantense o peche preventivo das zonas destinadas ao consumo de comidas (cafeterías, espazos reservados para tápers, etc.)

Mantense o peche preventivo das zonas e instalacións destinadas á

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		





realización de actividades deportivas e actividades culturais.

Limitáanse os traballos no interior dos edificios da UDC realizados por empresas alleas aos esenciais de mantementos obrigatorios e preventivos, inspeccións, reparacións urxentes, ou aqueles traballos nos que a non realización poda xerar danos importantes nos edificios. Todos estes traballos deberán ser comunicados á persoa responsable do centro que avaliará se procede a súa autorización. Quedan excluídos desta limitación os traballos de limpeza e os de seguridade.

Todos os traballos desenvoltoos por empresas alleas en edificios da UDC terán que contar con toda a documentación de coordinación de actividades empresariais e cun Plan de Medidas Preventivas coa finalidade de garantir a seguridade e a saúde do persoal traballador e dar resposta á posible aparición de novos casos de COVID-19.

4.3. Medidas individuais

✓ Medidas hixiénicas

Reforzo das medidas de hixiene persoal en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera escenario de exposición:

- Lavar as mans con auga e xabón ou con solucións hidroalcohólicas ou xel desinfectante.
- Ao tusir ou espirrar, cubrirse a boca e o nariz co cúbado flexionado.
- Evitar tocarse os ollos, nariz e boca.
- Lavar as gafas con auga e xabón.
- Utilizar panos desbotables. Depositálos tras o seu uso en colectores ou papeleiras específicas para iso.
- Non realizar manifestacións de educación ou afecto que supoñan contacto físico.
- En caso de levar pelo longo, recollelo convenientemente.
- Levar as uñas curtas. Non usar aneis, pulseiras nin reloxo.

✓ Material de traballo.

Uso de material de traballo diferenciado, evitando compartir teléfono, auriculares, material de oficina, asegurando en caso contrario unha limpeza exhaustiva con material desbotable previa e posteriormente a cada uso.

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		





5. MEDIDAS PREVENTIVAS NO ACCESO A ESPAZOS DE USO COMÚN.

Atendendo á información dispoñible neste momento, e seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidade de data 24 de marzo de 2020, a continuación descríbense unha serie de medidas de prevención e protección dirixidas a establecer as condicións de seguridade necesarias para o acceso a espazos de uso común que permitan o seu uso, atendendo á evolución da pandemia.

5.1. Medidas organizativas

✓ Acceso e saída

Establecer os procedementos de actuación necesarios para manter en todo momento a distancia de seguridade mínima de 2 metros entre o persoal usuario, así como a capacidade reducida a un terzo do aforamento máximo permitido en cada un dos espazos, prestando especial atención ao acceso ordenado aos locais por parte dos usuarios, evitando aglomeracións, manténdose a distancia de, polo menos, 1 metro na fila de acceso.

5.2. Medidas colectivas

✓ Ventilación

Incremento da ventilación natural e mecánica dos espazos, abrindo xanelas e aumentando o volume de renovación de aire nas instalacións de aire primario daqueles edificios nos que resulte tecnicamente posible.

✓ Hixiene e limpeza

Dotación de xel desinfectante nos edificios da UDC para o acceso das persoas usuarias.

Limpeza reforzada e exhaustiva previa, dos espazos e as zonas comúns consideradas expostas dos edificios que os albergan (aseos, accesos ás aulas, ascensores etc.).

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		





5.3. Medidas individuais.

- ✓ Recoméndase que toda persoa que acceda a un local de uso común desinfecte as mans con xel desinfectante.
- ✓ Recoméndase que todas as persoas leven consigo panos desbotables como medida preventiva ante necesidades producidas por tose ou espirros (estes panos usados deberán ser depositados nos colectores ou papeleiras específicas para iso).

Código Seguro De Verificación	9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/05/2020 09:30:53
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9ZeK2I4MfuU5NDoneN+Cjw==		

